

# A nosa terra

Saga



semnario do partido galeguista

Galicia (Santiago) 27 de Novembro do 1.933

Núm. 317

## DESPÓS DA FARSA ELEITORAL

### Por todol-os vieiros de Galicia quedou sementada a idea nazonalista Non fracasamos! É o abreinte do noso trunfo

Agora, cando rematada a loita electoral prás primeiras Cortes da República, puidera parecer que o galeguismo sufrira un revés, por non ter conseguido sacar ningún deputado, temos de fixar con inteireza a nosa situación de presente e os nosos camiños de futuro. O galeguismo non saíu vencido desta loita. Pol-a contra, o galeguismo adquiriu nila, máis pulos e máis enerxías. Pasan de cen mil os electores que dun xeito limpo, sin máculas e con fé, votaron aos nosos persoeiros. Un enorme ambiente de simpatía acolleu os seus nomes por toda Galicia. Unha gran reacción xurdiu por todol-os recantos, arredor das nosas ideas.

Isto é o que sacamos en limpo das eleccións. Sabemos que detrás de nós hai xa unha fonda corrente de rebeldía. Que non trunfou ningún dos nosos candidatos! Non importa. Fomos derrotados con xeitos inmorales. Pero non fomos vencidos. A ardente fogueira creadora dos nosos feitos, das nosas campañas e das nosas doutrinas non hai quen poda apagala. Nós, na posición de sempre, acumulando enerxías e incrementando labours, sobor da tumba dos caciques vellos e novos, imos a erguer o movemento das nosas liberdades.

Fé! que non estamos soios. Valor! que continuamos con máis ardencia na loita.

Atopámonos no comezo do camiño, todo vountade e acción, do noso traballar político. Iniciámolo con fondo éisito, e conquerimos, co noso aitar limpo e honrado, matar en xerre algunhas das moitas canalladas, que con ledicia morbosa, pactaron máns decrépitas e torpes con enxélicas de nova especie.

Niste novo escarnio da cidadanía que sinificaron en Galicia as eleccións do mes que decorre, soio nós acadamos a outura moral, de respecto aos dereitos do pobo, necesaria pra manter ergueita unha doutrina de liberdade e dignificación que dende agora en diante conta sin dúbidas coa adhesión da Galicia auténtica, da Galicia nova, da Galicia que pensa e traballa que quer pra si, o recoñecimento integro da súa personalidade espiritual e económica, como base dun crearse futuro e dun vivir millor.

Isa cantidade de máis de cen milleiros de votos, que non teñen a mácula do puchirazo, sinón a verdade enteira dun sentir popular, son un exemplo ergueito e vibradoiro de que o ideariu galeguista, predeu xa nas

## Exemplos de Cataluña e Basconia

Por enriba de todo iste irse da opinión electoral hespañola pol-os vieiros da reación dereitista, fican duas terras fechas ao alur que teima asulagar o senso da política presente. Cataluña e Basconia, son precisamente os dous pobos con un sentimento nacional consente, iniciado xa con un xeito autonomista, en vigor no primeiro i en portas de se realizar no segundo, quenes non sufriron o troque de rumbo que se amosou na política de Hespaña. En Cataluña e Basconia trunfaron dnha maneira plena e categórica os homes de fonda raizame nacionalista. A derrota foi pra os persoeiros dos partidos políticos hespañoles, que teimaban enrolar o sentimento de aqueles pobos nos vaivéns da cousa pública central. Galicia pol-a contra, mantén agora coma

sempre, a roita mimética que lle sinala a meseta. Galicia sigue sendo o coello de indias de todol os experimentos cuneros que parecían ser patrimonio esclusivo da monarquía. En Galicia siguen agromando todol-os inxertos oligárquicos con matiz imperialista que teima chantar calquer arribista doutras terras.

E pensamos que vai sendo hora de tomar aitudes, de sinalar camiños e seguilos sin medos, sin paradas, esborrallando ostáculos e desfacendo erros baixos e canallas.

Exemplos de Cataluña e Basconia que mui ben poderían ter efeituidade real na nosa Terra, si o sentir da cidadanía callara nas suas congostras e corredoiras.

Ensaíemos métodos, sigamos camiños e mantexamos exemplos.

## Dereitas i esquerdas

Unha vegada máis se mostrou, a mentira distas verbas, o seu senso oco e valdeiro, sin ningún contido real no escenario político de a nosa Terra. De novo temos de remarcar o noso alonxamento distas duas correntes que dun xeito claro se ollou que non tiñan raizame en Galicia, sinón que eran produto de inxerencias estranas, de problemas eisóticos planteados artificiosamente no noso país. Galicia por presión allea por un esvairse da súa postura autóctona, por un deixarse ir pol-o canle dunha falsa situación, decidiuse por unha das correntes, enrolouse na vaciedade híbrida do dereitismo hespañol e seguramente aturará as consecuencias desta postura impremeditada, dictada pol-os persoeiros da meseta, nun afán de xeitos egolátricos e baixos persoalismos.

Os intereses da nosa Terra non entran pra nada nos programas políticos de dereitas nin de ezquerdas. A esperencia foi triste con entramos rótulos, e os seus problemas fortemente agudizados coas duas bandeiras. I é porque a nosa Terra con unhas maneiras económicas e sociaes perfectamente diferenciadas das do resto da Península, con uns modos espirituales: de cultura e de lingua, claramente especificos, non pode incorporarse, con consciencia, a calquer movemento inaxeitado, de contido igualitario pra todol-os pobos ibéricos, amenizado máis ou menos por un senso hespañoleiro e centralizador.

Nós que nos decatamos de que a Galicia non pode salvarla diste marasmo presente, mais que un erguerse da súa conciencia colectiva. Nós que pensamos, que o problema do noso pobo é un problema de Patria, un problema de defensa conxunta —na que caben todol-os matices— dos seus intereses, asulagados hoxe pol-os vaivéns do politicismo hespañol, que pra nada os téen en conta; voltamos a decidir, voltamos a afirmar, agora como sempre, que o senso ezquerdista de dantes e o senso dereitista do presente, non son máis que pretestos fútiles, con que se pretende confundir a opinión do noso país, distraendo do punto capital e trascendente, único capaz de resolver os seus propios problemas. O punto da súa *autoctonía nacional*.

## A IRMANDADE DAS NAZONALIDADES IBÉRICAS UN TELEGRAMA HISTÓRICO

Con grande ledicia reproducimos nas nosas columnas iste saúdo afervoado e cordial que o candidato nazonalista basco, Irujo, dirixeu ao Partido Galeguista ofrecéndose —ao ser desafiado por sufraxio popular pra formar parte da diputazón nas primeiras Cortes ordinarias da República— pra axudar a nosa laboura de reivindicación nazonal.

Co entusiasmo que nós dicta a afinidade de crências políticas co diputado nazonalista basco, e a admirazón fonda pra consciencia nazonal do magnífico pobo eúskaro, sentíndonos fortemente vencellados por un novo motivo aos tantos que nos xungen no Ideal común, agradecemos con grande fervor e forte irmandade ista nota xurdida do Sr. Irujo e publicámola como exemplo pra o noso pobo:

ESTELLA. — Santiago

Como diputado a Cortes nazonalista, teño satisfacción saudar pol-a súa mediazón patriótica galegos loitan pol-a súa liberdade ofrecendolles servios cargo Reiterando intelixencia pactada en ben nosas Patrias respetivas.

IRUJO

## O escrutinio das aitas

Nas Audiencias das catro circunscrições eleitoraes galegas, andase nistes días a realizar o escrutinio de aitas, que dista vegada aventaxan en emporcamentos, a todas cantas se teñen outido nos tempos do máis triste entronamento caciquil. A cada intre aparece unha protesta. Revélanse pucheirazos indecorosos, aitas en branco, roubo de votos. Algúns candidatos aparecen en determinados distritos con un número de sufraxios superior ao que está fixado no censo. Outros con moitos menos escrutados dos que en realidade tiña. Decontado ollase quenes dispuxeron de cartos, de paitos con vellos caciques ou do poder oficial, pra mercar a conciencia cidadán, tripando os máis sagros dereitos de xusticia. En meio de tanto xeito indecoroso. En meio de tantas maneiras vilipendiosas, érguense claras e con grande autoridade as voces galeguistas, pra denunciar feitos e arrebatat caretas. En Lugo i en Ourense, pero sobre todo na Cruña i en Pontevedra, onde Suárez Picallo e Castelao, leván respectivamente o berro do pobo, levantado contra da inmoralidade; o sentimento de indignación popular manifestase máis ostensiblemente.

Na audiencia pontevedresa, Castelao facendo relación ao emilianismo e a un aito baixo e cochambroso de Sierra, dixo con frase gráfica e indinada: «Isto da máis noxo que estruxar cos dentes unha chinche». E Suárez Picallo nas sesións de escrutinio das aitas cruñesas, descubriu diante do público asistente, as maniobras turbias dos candidatos trunfantes i espetouille a O'Shea, de frente o estigma de ladrón, porque roubando unha aita, roubaba a conciencia de miles de cidadáns, que ollaban nil ao preteridor dos seus dereitos.

Istas aitudes compren, pra quenes non sendo merecentes do diálogo non son dinos de calificativos nin tídoos de outro calibre.

Contra iles teñen que ir os primeiros golpes da Galicia que se erga, e contra diles imos nós, porque somos os únicos que podemos facelo.

Namentras, o escrutinio das aitas, sigue facéndose pol-os mesmos métodos e coas mesmas artimañas que empregaban os vellos caciques...

Contra iles teñen que ir os primeiros golpes da Galicia que se erga, e contra diles imos nós, porque somos os únicos que podemos facelo.

Namentras, o escrutinio das aitas, sigue facéndose pol-os mesmos métodos e coas mesmas artimañas que empregaban os vellos caciques...

Galegos anunciadevos en A NOSA TERRA

## A nosa terra

Debido á intensidade da campaña electoral e ao traballo múltiple que con tal motivo caeu por derriba dos homes que compoñen o noso xornal, que tiveron que adicarse a realizar unha laboura de mitis e outros xeitos de propaganda, prás eleccións; non foi posibre sacar ás ruas, nas duas semanas, en que aquela campaña se mantivo máis acentuada, os números de «A Nosa Terra», correspondentes ás datas do trece e vinte de novembro. Pedimos por elo excusa aos nosos lectores, ao poñernos de novo en contacto con eles, despóis da primeira loita electoral en que o Partido Galeguista interviu, deixando chantada unha bandeira de renovación que dende istas columnas nos encastraremos de continuar.

# Fume de pallas e separatismo tropical

Non é a primeira vez que aos nacionalistas galegos da Arxentina lles ten chamado a atención algunhas apreciacións feitas por Alvaro das Casas, nas que calificaba únicos galegos e verdadeiros nacionalistas aos que compoñen a Sociedade Ponal i-editan «A Fouce» en Bós Aires.

Estas e outras apreciacións somellantes, deixában-as pasar cun sorriso humorístico, porque coidaban, como cousa natural, que Alvaro das Casas non conocese as xentes a quen se refería, e tomában-as simplemente como unha de tantas mostras do desconocemento que teñen das colectividades emigradas os que autúan en Galicia, desconocemento que lles fai moitas veces cometer torpezas, como a do Seminario d'Estudios Galegos ao dar patentes de representación eis-crusiva á algúns señores que tan somentes as piden pra tratar de manter unha posición persoalista tratando de impedir estúpida-mente todo acto espontáneo, galeguista e xeneroso, que se trate de facer en favor in-crusivo do propio Seminario, tal que no caso do festival realizado polo Coro Lembranza d'Ulreya, cuio produto era pro Seminario e por culpa d'eles tivo que ser íntegro pra Residencia de Estudiantes, e como no caso da transmisión radiotelefónica, feita polo Comité Central da Autonomía, que se lle dirixiu directamente ao Centro Gallego de Bós Aires, sin saber qu'este non fixo nada polo-o autonomismo, por cuia causa a Orgaizacón Nazonalista Republicana Galega de Bós Aires, que é a única que ven traballando en favor do movemento autonomista privouse de mandarlle recursos, anque agora, recibidas as excusas pertinentes, tratará de axudarlle en algo.

Como fume de pallas, califica Alexandro Bóveda na NOSA TERRA o labor galeguista e nacionalista realizado deic'agora por Alvaro das Casas en Galicia, onde tanta falla fai e fixo sempre a obra orgánica, de senso político, o traballo duradeiro e progresista, a acción consistente e construtiva. Como fume de pallas, non por estrevido na súa autuación, sinon por inorgánico, por inconsistente, por persoalista, porque, si os que podendo ser estrevidos vense na necesidá de contemporizar pra poder levar algún traballo adiante, os que non sinten ningún conceuto de responsabilidad, deberán, polo menos, ter a vergonza de non estorbar nin perxudicar o traballo práctico galeguista que se está facendo, e deberan, si fosen honrados co seu ideal, combater, atacar, varil e rexamente, aos inimigos declarados de Galicia, aos desleigados, aos hespañolistas, en vez d'aducirse á torpedear o avance dos galeguistas que teñen valor e capacidade suficiente pra levar ao pobo ás campañas políticas do nacionalismo galego.

Decimos isto, non por Alvaro das Casas, á quen d'ei'quí non podemos xuzgar con tanta autoridade coma o fai o admirabile nacionalista galego Alexandro Bóveda, autoridade que lle nace do seu esforzo verdadeiramente exemplar, sinon porque os componentes da Sociedade Ponal de Bós Aires, á quen il eloxiaba son d'esa mesma crase persoalista, e aínda son éstes d'unha crase moito peor, porque sentíndose incapaces de autuar políticamente en ningún senso, separados de toda acción proselitista e xenerosa, o seu único pracer é o d'inxuriar, o de tratar de lizal-os nomes dos nazionalistas que tanto eiq'í na Arxentina, ao fronte da Federación de Sociedades Galegas e da Orgaizacón Nacionalista Republicana Galega, ou en Galicia no Partido Galeguista, loitan e traballan incansablemente polo-a liberdade

do pobo galego e polo-o progreso do ideal nacionalista.

Esa actitude canallesca, vense mantendo invariabilmente na Ponal dende que d'ela se arredaron os poucos homes capacitados que tivo ao seu fronte, e dende que sentíndose incapaces eles mesmos pra autuar publicamente, co pretesto d'unha ideoloxía separatista comprometamente tropical, separáronse de todo traballo e de todo esforzo, i-escondéronse pra adicarse dende o toyo á aldraxar á todos cantos se destacan no campo luminoso da acción galeguista, trátase de Lino Pérez eiq'í ou de Castelao en Galicia, de Alonso Ríos ou de Otero Pedrayo, de Suárez Picallo ou de Vicente Risco, da Federación de Sociedades Galegas ou do Partido Galeguista.

O sagrefizo constante que ven facendo a Orgaizacón Nacionalista Republicana Galega en Bós Aires, levando á cabo unha campaña intensa pra avencellar a colectividade galega da Arxentina n-un movemento amplo, de apoio e solidariedade galeguista, merecía, en troques d'esas cativeness e miserias, un estímulo cordial e un aprauso aberto, e ademais precisaba o concurso d'un grupo, si fora posibre máis estrevido, de nacionalistas, que non fosen cativos de alma, sinon que fosen ergueitos, entusiastas e capaces de loitar contra os reaccionarios e desleigados, sin usar endexamais o pretesto de amor á patria pra encubrir as baixas pasións.

Nin siquiera fume de pallas chega á ser o labor descoñecido, inorado, dos separatistas tropicales que padecemos por eiq'í, sempre noxo e cativeza poderíamos chamarlle.

XANDOMAR

Bós Aires, Outono do 1933.

# A VERDADE DO PROBLEMA DA LINGOA

Lévame á publicar istas verbas a insolencia repetida varias veces de chamarnos oscurantistas e retrógrados certos individuos que por non molestar un pouco a súa atención non saben que falando o galego non nos opoñemos ao movemento universalista dos pobos nin ao movemento universalista da fala da lingoa. E polo-o contrario isto é non saber que quer decir universalismo nin entendela.

¿Por qué nós falando galego imos ser uns retrógrados e opoñernos á todo isto?

A lingoa que hoxe se quer faguer universal e o Espranto; pois nós hoxe nin nunca porque falemos galego non nos opoñemos á que se fale en todo o mundo ista lingoa; porque eu non creo que haxa ninguén que se faga a ilusión de faguer lingoa universal ao castelán.

Nos porque faiemos galego, como os cataláns porque falen catalán, non nos opoñemos á isto; nós queremos falar entre nós o galego, como os franceses entre eles o francés ou os casteláns entre eles o castelán. Pro no intre en que se nos dixese: vaise falar o Espranto, pra que todo o mundo nos entenda e nós poidamos entender á todo o mundo, ¿porqué nos íbamos á opoñer á isto? ¡Ah!, pero en cambio falaremos entre nós o galego como cada pobo entre si a súa lingoa; e de ningunha maneira consentiremos que a nosa lingoa se vexa asoballada polo-

# O GALEGUISMO DESPOIS DAS ELEIÇÕES

Fumos á loita limpamente, encheitos de pureza e honradez co gallo de buscar no sentid do pobo a razón do noso aitar.

Predicamos a boleio por todol os camiños de Galicia as nosas ideas. E dimos conta por todol-os recantos da nosa verdade. Da labou- ra dos nosos deputados concorde, en dous anos e meio de parlamento, co mandato dos eleitores.

Da eficacia da nosa dotriña vencellada única i escrusivamente aos intreses da Terra. Co lema de erguemento espiritual i económico da persoalidade galega presentámonos diante do pobo, pra que xuzgase coas armas do sufraxio, o futuro do seu vivir. Fracasamos? Non. Claramente, non. Foron milleiros de votos limpos, os que anunciaron nas catro circunscricións galegas a verdade do noso idearium. É certo que non sacamos trunfante a ningún dos candidatos que presentamos á loita. Pero é que nós non contábamos cos caciques, nin cos gobernos civís, nin tiñamos orgaizacóns en total-as aldeias aonde chegou a nosa voz. Nós non traiciamos tampouco a pureza do sufraxio, nin empregamos as armas tradicionaes e vergoñentas do pucherazo. Os votos que nós levamos, eran votos de cidadáns conscentes que sabían o qué e a quen votaban.

Emporiso o galeguismo saiu trunfante desta xornada en que se debatiron problemas alleos. Que importa que non sacara ningún deputado; si sacou espranzas; si ollou que na nosa terra latexa un fondo esprito de galeguidade; si viu que as nosas campañas de educación cibdadán non ficaron no valdeiro, e día a día vai incorporando novos folgos ao feixe dos pulos presentes.

Os galeguistas, como dixó o mestre Otero Pedrayo, non desesperan, si non que aparecen sorridentes, despóis da loita, coa sorrisa dun novo amencer nos campos lediceiron da loita polo-a liberdade.

# A derradeira consulta popular

Rematada a proba a que se sometéu á vontade popular con istas derradeiras eleccións, queda sempre en pé o comentario anedótico i o rosto irónico da crítica parez atopar o intre máis axeitado pra asomarse cara o hourizonte, despxado na calma da pubricidade. Poidéramos decir que ista frase tan manida manoseada e tripada de consulta do pobo, de eisteirización dun sentir popopular chegou a merescer a nomificación e putrefaición que ao máis vulgar trasto vello agarda en calquer cochambroso e clarañento desván de quinto piso. Agora coma sempre, hoxe coma onte, amosouse unha vegada máis que toda verba por moita entonación con que se empregue, non tén máis existencia que a de unha pura resulta de xogos musculares con tubo de escape bucal. Consulta da vontade pópular, verba que enche a boca ao pronunciala máis que tampouco polo-o de agora amosou outra cualidade que a de ocupar un lugar no espacio.

Si moitos de nosoutros non tivéramos formado d'istas cousas, unha composición do lugar que todas istas verbas floridas e atraintes, subiugantes e arrebatadoras solen achar por obra e gracia da elasticidade a toda proba de trampolins da baixa politeca, sería pra nós desalentador e ducha que enfriase en nós o convencimento que temos de que estes procedimentos de sondaxe popular teñen de ser os únicos a empregar cando se trata de levar a cabo unha obra política calquera. Nós, dende logo, e pese aos xogos malabares con que solen entreterse os xornaleiros da política, sacamos distas derradeiras eleccións o convencimento de que a auténtica e sin mixturas vontade popular, a que aínda non entregou a ninguén a súa liberdade de se comportar como persoas puxeron de manifesto que os nosos ideais espallados por total-as dimensións do noso pobo, non cairon en terreo pedregoso i amosaron a necesidade dunha escolma en esferas que debían ter da civilidade o puro i esaito sentido.

R. A.

# A MOCEDADE DE VIVEIRO

En Viveiro, un fato de mozos, ardentes admiradores das grandezas de Galiza, xunguen os seus esforzos pra conquistar unha Galiza máis diña, máis culta, máis galega e máis universal, e, con tal ouxeto, o domingo, 26 de Santos espallaron profusamente o manifesto que vai ao final e que foi acollido con simpatía e entusiasmo, nas rúas.

Pol-a tarde, celebraron un xuntoiro no que se léu e aprobou o Regramento, elixíndose tamén a Xunta Directiva, saindo electos os seguintes irmáns: Presidente, Xosé Ramón García Chao; Segretario, Honorato Dorado Victorio; Tesoureiro Contador, Antón Cara Montero e Vocaes, Francisco Sánchez Leal, Lois Casabella e Vicente Balseiro Crego. Nista xunta señalouse un índice de labours e terminou a sesión, na que reinou un perfecto acordo e gran entusiasmo, entonando o Himno Galego e dando vivas a Galiza Ceibe.

# AOS MOZOS DE VIVEIRO

Niste intre en que por doquer se escoita o laio, craro e limpo, de liberdade que a nova Galiza ceiba, temos a obriga de faguer decatarse, os que inda non-o saben, que teñen unha patria que salvar, patria que necesita

# BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO. . . . . PESETAS 17.000.000,—  
CAPITAL DESEMBOLSADO. . . . . » 11.000.000,—  
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. . . . . » 14.073.530,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA :: 35 SUCURSAES EN GALC A

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRESSES DENDE 1.º DE XULIO DE 1933:

Á VISTA . . . . . 2 % ANUAL | A SEIS MESES . . . . . 3,60 % ANUAL  
A TRES MESES. . . . . 3 % » | A DOCE MESES OU MÁIS. 4 % ANUAL  
CAIXA DE AFORROS3. . . . . 3,50 % ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO

COMPRA-VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPONS E DEMAIS OPERACIONES DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

# FRANCISCO BARREIRO SALAÑO

PERITO AGRÍCOLA

CAMPO DO GAYO, 14

SANTIAGO

OUXETOS DE ARTE

VAXILLAS DE TODAS CRASES

# CASA MARIÑO

OLIVA 11 E SARMIENTO 3

PONTEVEDRA

# IMPERMEABILIZANTES

# WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS

REPRESENTANTES EN TOTAL-AS VILAS DE GALICIA

Pida detalles e folletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeneral para Galicia:

Porta da Pena, 6 :: SANTIAGO

Resubscripción: 3 ptas. 2

# García Sanchiz fala da Unidade da Patria

Reproducimos neste número de A NOSA TERRA, un anaco interesantísimo do magnífico discurso, con que o máximo charlista, filósofo da palabra, Sr. García Sanchiz, cónfalon o banquete con que os amantes de la «sagrada unidad de la Patria», obsequiaron ao Sr. Royo Villanueva, chascarrillero, parlamentario e primeira figura da actualidade política antestatista García Sanchiz, acreditouse neste discurso a Hespaña única, como mago insuperable do decir oratorio, e revelouse unha vegada máis na súa verba, o malabarismo estentorio dun gástrico ditirámbo. Veleiquí, simón:

«¡Indixenas! Todo o poder en nós pra nós! Dende logo, señoras e señores, a cousa non ten ningunha malicia. Ademais, ahí están as Navas de Tolosa e D. Miguel Primo de Rivera, os touros de Guisando e os aragoneses, para demostrar que a unidade da Patria, señoras e señores, isa gloriosa institución dos gobernadores civís, é un feito impartitivo e incommensurable. E si entrámos no terreo dos números máxicos, El Cid e Don Xosé Calvo Sotelo demostráronos con abundosa xurisprudencia, que as catedrales casteláns, coas súas agullas belisimas, xa indicaban que había que atar, que coser, e así n foi feita Hespaña, befido saco de cacahuets, defensor de Deus e navegante ariscaído. I eiqui, coma unha proba da inmensa vitalidade de Hespaña única, está Madri, coas súas maravillosas construcións sistema americano, cos seus ministros que acadan hoxe o número de 13, cos seus cafés con leite, cos seus militares retirados, co paseo noturno de señoritas incipientes i escolásticas, cocina francesa, que soluciónaron, denantes que en Checoeslovaquia i en Leningrado, o problema difícilísimo da reforma espiritual adolescente e letárxica. Namentras nunha esquina da Patria benadamada, iniciáse por culpa dun xeneral que tivo medo da espada e se quedou coa funda o *zusammenbruch* da conquista de Granada. Dixen ¡Viva Deus!»

**Dando a autonomía ás rexións matariáse o caciquismo. O caciquismo sosteno a cadea que vai do Goberno a todol-os xefes civís, económicos e militares de total-as provincias, e a todol-os alcaldes dos pobos. Crebada a cadea, o caciquismo morre**

F. PI Y MARGALL

do esforzo de todol-os seus fillos pra que a súa vos resoé, baril e serea, no concerto de pobos libres.

Hoxe e sempre, un feixe de mozos compañeiros vosos, fai un chamamento a vosa conciencia e ao voso sentimento, pra que xunquindonos no ideario dunha «MOGEDADE GALEGUISTA», escola de cidadanía, podamos dare escomenzo a tarefa d'esnaquizar nosos enemigos que son os enemigos de Galiza, alonxando o espectro da fame que anda choutando por riba das chouzras dos nosos labregos e dando a Galiza o posto que lle corresponde na hestoria.

«RAPACES DE VIVERO!»  
Vinde a nós pra formar nista gran falanxe de galeguidade. Temos unha patria que redimir. A Galiza do mañán, estará nas nosas mans. Agardamos por vos, co corazón aberto nas fitas da «MOGEDADE GALEGUISTA». Amigos, irmáns: Que a vosa colaboración non os faltet.

**Farmacia Lugiés**  
Especialidades nacionales i-estraxineiras  
Ortopedia.-Sueros e Vacunas  
Productos purísimos das melliores marcas  
Oxígeno.-Esterilizacións ao autoclave  
Trousseaux pra partos  
Despacho de recetas da  
Fabrica de Tabacos

LINARES RIVAS, 43  
TELÉFONO, 2319

## COSMOPOLITISMO

O marxismo e cosmopolita —«traballadores de todol-os países, xuntávos»— e ten que ser cosmopolita, ao ser materialista: «ubi bene, ibi patria». O marxismo é pacifista; e ten que ser pacifista ao ser revolucionario. A guerra é un estorbo pra revolución mundial. O pacifismo marxista quer acabar coa guerra entre nacións ou entre Estados, pra substituíla coa guerra entre as clases. Vai contra a guerra exterior, porqu' o qu'ill quer é a guerra civil. Non quer que haxa odios de raza, odios nacionais, etc.; quer somentes odio de clás. Programa a fraternidade universal... dos traballadores e o aniquilamento dos burgueses. Pra o odio de clás, non debe haber fronteiras. Co qual vimos parar, por outro camiño e con outro fundamento, á antiga distinción burguesa qu'os teólogos e juristas facían entre guerra justa e guerra injusta. Somentes qu'eiqui a guerra injusta é a guerra entre pobos, entre nacións, anti-Estados, a guerra exterior. Esta guerra é inhumana e mostruosa, é injusta, ilógica e cruel, é sanguineta, conculcadora de todol-os dereitos, ofensora de todol-os atributos da divindade e da personalidade humana. Contra d'ela botáns discursos, fanse manifestacións, júnntanse congresos, escribense libros, desénntanse cartéis e filmánsse fitas de cinema. E todo é pouco pra pintal-os seus horrores, as súas brutalidades, as súas loucuras, as calamidades que lle fan compañía, os regos de sangue que deixa.

A guerra social, a guerra de clases, é en troques a guerra justa. Mais aínda; é a guerra santa do novo Islam. Compre padricala, propágala, suscítala, ergúgala. Tantos discursos, manifestacións, congresos, libros, cartéis e films, coma se fan pra condanar a outra, ou máis, fause pra acender ésta. Non importa que, coma outra, a guerra social poida ser, e seña de feito nos máis dos casos, horribel, brutal, louca, calamitosa e sanguineta. Está canonizada pol-o marxismo, e pol-o tanto, nen é inhumana, nen mostruosa, nen injusta, nen ilógica, nen cruel, nen conculca os dereitos, nen ofende os atributos da personalidade humana.

A outra si, porque é a guerra burguesa; ésta non, porque é a guerra proletaria. A guerra burguesa debe ser condenada; á revolución social hai qu'abrirle paso... porque é a Revolución. No seu nome, pódese, sen remordemento, esterminar a todol-os burgueses, pódese lanzar masas inteiras de proletarios a ruína e á morte. Sempre se fará obra santa.

Agora ben: dixemos ja qu'Alémáña está saturada de marxismo. Ademais, acontez n'iste mundo que non s'oponén endejamás, non loitan, non rifan unha co-outra dúas doutrinas, dúas tendenzas, dúas conceicións do mundo, sen que s'infruyan mutuamente, sen que cada unha colla algo da outra. Pol-o tanto, hoxe en día, non hai mismamente anti-marxista, non hai contra-revolucionario, que non teña un pouco de marxista. E n'Alémáña ten que ser máis.

Ora, o pacifismo non é tampouco un invento marxista. Na esencia, o pacifismo é d'orixe cristiá; nos seus verdadeiros termos, foi doutrina da Eireja Católica en todol-os tempos. Mais quen lle deu o ton de falso sentimentalismo humanitario, pseudo-romántico —a guerra coma incompatible cos nervos alporizados d'unha solteira erudita e histérica— e cosmopolita, foi a pseudo-filosofía do século XVIII, e os curazós

sensíbeles comovidos pol-o bucolismo idílico de J. J. Rousseau. O socialismo ingénuo herdouno d'ali, e o socialismo centífeco de Marx, por frío, antiromántico e sen escrúpulo que seña, non se sinteu con forzas pra desbotalo, porque s'ó facía, espúñase ao risco de non semellar unha doutrina humanitaria. É ben que nono fose, mais tiña que parecelo.

De maneira qu'ademais dos marxistas, hai outros moitos pacifistas, n'Alémáña e fora d'ela. E o que nono é, cala, sobre todo s'está soilo, porque somentes en masa —com'os nacionalsocialistas ou os nacionalistas— s'estreven os homes d'agora á manifestaren afeizós guerreiras; s'ó fai un só, apóupano. E, despois da barbaridá de 1914-1918, espícase. Os pacifistas, de todol-os xeitos, son moitos máis qu'os bélicos. Facer, non fan nada positivo á prol da paz; non fan máis que falaren contra a guerra, aunque probablemente vai acontecer que, s'os chaman, volvan á ela; mais pol-o istante, coma movemento espiritual, se non pode negar a forza do pacifismo. É unha atmósfera intelectual e sentimental, un estado d'esprito este-so e potente.

Pois ben, aínda antr'os antimarxistas, aínda antr'os contra-revolucionarios, cando se pensa, se fala ou s'obra en contra da guerra, semella que non se trata máis que da guerra de nacións ou d'Estados; semella que ninguén pensa na revolución e nas súas vítimas. Todol-as prédicas, todol-os plans, todol-os proxeitos, van contra da outra guerra, aínda cando quen pradica, planea ou proieuta seña un contrarrevolucionario. Veleiquí o que me chama á min a atención. El é qu'aceitan a revolución coma cousa justa? Ou é que a consideran inevitábel, e danse por vencidos? Ou que comprenden que a campaña pacifista, endereitada contra a revolución, non había achar agarimo no pobo nen nos politecos? Ou que non s'estreven a arriscaren a impopularidade d'unha campaña contra da violencia revolucionaria? Eu non sei. Veleiquí o feito.

Ben, o pacifismo non é todo o cosmopolitismo, máis é o seu argumento Aquiles. Non queremos guerra? Pois fora fronteiras, desaparezan Estados e nacións, e formemos a grande fraternidade de todol-os homes.

Cando trunfemos no mundo inteiro —decíame un comunista— faremos desaparecer todol-os odios antr'os homes; unirámonos todos pra facermol-a única guerra: a guerra do home contra da Natureza.

—Isto si qu'é grave —respondín eu— no afán de Vdes. por botaren abaixo todol-os deuses, non respieitan nen tan xiquera ao Gran Fetichel!

E lembreime novamente de Roberte Hugo Benson, e da súa profecía da adoración do home pol-o home.

Crar'está qu'a gente intelixente e culta gárdase moito d'espresarse en termos de atal radicalismo cosmopolita. Mail-o espírito interior que fai preferir esas fórmulas aos ineducados, non deixa de vivir en moita parte da intelectualidade germánica da post-guerra, principalmente na de sangue israelita, aunque s'espresse d'un xeito moi difrente. D'un xeito semellante ao de Romain Rolland repersentante o máis adubado e enlavad d'esa qu'eu chamei já n'iste libro, ideología de Hotel Metropol. Moito menos pulido aparece nos Mr. Wells, á quen eu chamo o Vicetto da Historia Universal.

## SI QUEREDES Vinos de Valdeorras

**XANTAR BEN**  
da propia colleita  
Tinto superior, un litro, 0'70 Ptas.  
seleito » » » 0'80 »  
Brancó » » » 0'80 »  
Tostado botella 3/4. . . 4'00 »

**CASA PEPE**  
Rúa de San Pedro, 3 - Santiago

CONTRIBUÍA  
AO ERGUEMENTO  
DA CULTURA  
PÁTRIA  
LÉNDÓ  
LIBROS  
GALEGOS

# FACISMO E ANTIFACISMO

Hai unha cousa que no percorrer dos días ocupa as conversas en todol-os lugares donde a xente se xunta i especialmente donde os que forman o corro de contertulios é xente moza que sinte máis que ninguén a inquedanza dos momentos atuais e a cuestión que a todas horas se suscita: fascismo e antifascismo i eu vou tamén a meterme no medio do corro pra ver de por as cousas en craro.

Pra todos é sabido que o home é incrinado por natureza ao disfrute de total-as liberdades pol as que loitou séculos e séculos e que conseguiu despois de moito esforzo. Estes homes topábanse con forzas pra vivir aquela vida de liberdade que era o mesmo que enfrontarse un a un con todol-os problemas da vida e aínda quedáballes ríño pra loitar por ela. Era unha forza tan rexamente arraigada no seu espírito que nunca se toparon solos aínda que realmente o estiveran; todo isto loitar conduceu á humanidade a unha época que na política chamouse liberalismo.

Agora pola contra síntese no peito de todos falta de alento pra se enfrontar cos rudos problemas. Dise que todo está en crisis; non hai fé en nada; e como consecuencia os homes xúntanse en «feixes». Aparece no horizonte o que dan en chamar réxime fascista; esto tén pra min por causa o que o home falta de brío e coraxe tén medo soilo.

Outra cousa que se observa e que pol-o d'agora na Hespaña non militan no «fascio» en embrión máis que «rapaciños» dos que se criaron nas vilas e cibdades nun ambiente de debilidade, en contra de todos aqueles mozos que saíron do ambiente rural nun ambiente de rudeza.

Chamo desde eiqui a atención a todol-os mozos que teñan dentro do peito nada máis que unha milésima parte de folgo teñan conta de non caer na debilidade universal. E preciso que cada un de nós se sinta esperanzado na fé propia; na que cada un leva dentro, sin acollerse a esa outra fé que nos pretende dar un que se chama Mussolini ou Hitler ou outro nome pol-o estilo.

X. B.

## Mercade LIBROS GALEGOS

Pedidos a NÓS. - Rúa do Vilar, 15. - Santiago

## Despois da xeira eleitoral

A treboada que caeu sobor do panorama político de Galicia deixou aínda rescoldos noxentos nos seus horizontes. Enrolada a nosa Terra nun movemento sin eistencia real; seguindo a traieitoria marcada dende a meseta, entramos dende agora nun período de barbarie política, entronizador dos vellos caciquismos, paqueador de calquer senso de vitalidade, capaz de estroitar aviventándo, o espírito do noso pobo. Galicia sigue sendo a secular terra de conquista, campo de experimentación de calquer escedente de cupo da política doutras terras. Xentes alleas e xentes desprestixiadas que endexamais poderían conquistar a aita en calquera pobo da Hespaña, salen do noso, lediceiros e outimistas pra representalo, traicionándo, na primeira sesión parlamentaria en que se debatan intereses e competencias definitivas pra o noso vivir.

Honorio Maura, que como estigma de vergonza, ven con carater de hespañol a asoballar a nosa dignidade de pobo. Lazcano, Rico, Recaséns e outros máis, que con marchamo da meseta, traen a consiña aldraxante de xuzgarnos incapaces pra nos representar por nós mesmos. E despos, Calvo Sotelo e Viguri, galegos de nacemento pra maior vergonza nosa, cuia lembranza aínda vibra no espírito das xentes, queimada en decires de traición. Calvo Sotelo e Viguri, explotadores da dignidade cidadán i económica dos labregos e mariñeiros de Galicia, van, tamén ao Palramento, enrolados nise xeito sarcástico do dereitismo hespañol pra rematar ise inicio de suicidio coletivo que some-lla ollarse no deveñir presente da política galega.

Da xeira eleitoral quedounos un insiño descorazonador, pra quen non tivera e profesara a fe confortadora do galeguismo. Pero pra nós non significa máis que un oiservar pasaxeiro dun intre insignificante no decorrer vibradoiro dun mañán mellor. O noso trunfo empeza agora.

## De novo o tinglado da anterga farsa

### Chegou a República?

Nista vez, coma sempre, a tradición electoral de Galicia perdurou pra nosa vergoña. En todas as provincias galegas e sobre todo nas da Cruña e de Lugo, estivo montado todo o tinglado da farsa eterna coma daquela que perante a monarquía escarneceu a conciencia do pobo cunha noxenta ficción electoral.

E pra iso veu a República. Pra iso Galicia, como nun escomenzo de romance, ollou lediciosa e espranzada como o novo réxime desembarcaba nas súas costas nunha clara mañán de abril. Aos dous anos e meio de aquela xubilosa xornada, Galicia contemplou nun domingo da súa invernada como sigue sin haber pra súa redención un mes de abril. Aos dous anos e meio de República, como denantes, igual que denantes, peor que denantes, columbróu a nosa Terra aos vellos caciques, como sempre, facer do sufraxio a bulra e da furna un cadalso en donde seguir aforcándose o mandato popular, e ollou entristecida, definitivamente decepcionada co aqueles homes que se pasaran a vida da oposición queimándose os beizos ao falar do sagro respecto á conciencia das xentes, en canto mandaron, coma os outros, peor ainda que os outros, poñer ao peito dos homes e das mulleres galegas a descarga, a traición e pol-a espalda de aqueles pucheirazos que tiñamos dereito a coidar malditos e abolidos nas novas costumes políticas. Parece mentira que arestora aínda podan campar baixo a cobeira dun réxime democrático, homes como Viturro e como Pepe Benito; é increíble que o Virrei das murallas ou o herarca de Rianxo aínda abandeeiren coa súa sorna caciquil as rúas de Lugo e da Cruña, e se estendan pol-as congostras aldeás, ou se alonguen as súas máns taumatúrxicas, feitas a todo-os falseamentos, por enriba de aquelas que deberan ser aras da conciencia cidadán.

Galicia que padeceu de novo iste espeitáculo de vilipendio, tén de pensar, dunha vez, coa enerxía das resolucións definitivas que nin siquera baixo a República, puido lograr que fose respetada a súa dignidade colectiva, sinón que será aínda preciso, que pol-o meio máis rápido —non importa cal— se salve a poza vergoñosa que significa un réxime incompatible en primeiro termo coa súa propia existencia como pobo.

## O EMILIANISMO AGORA

Coas dereitas parece que vai sair triunfante na circunscrición de Pontevedras, por enriba das xentes prestixiadas e dinas, a coalición formada por isa noxenta subespecie do Partido radical que se chama o emilianismo. O Emilianismo presentou á loita, ademais do nome prestixioso e honorable do seu xefe, o de D. Ramón Salgado, conocido ex-dirixente do comité tradicionalista de Santiago, ex-concellal da Dictadura e un dos pseudo agrarios que máis brillantemente burlaron o agrarismo pontevedrés en canto tivo, a golpe de pucheirazo un acta nas máns; o nome de López Varela, supremo recadeiro parlamentario, home que con voz de Clarita Campoamor e con tanta sintaxis como o seu compañeiro de candidatura don Vicente Sierra, puxo a proba a pacencia parlamentaria das Constituintes, levando un encárrago da cárcel de Redondela ou dos maestros de Piñoño, formulados todos estes rogos na primeira hora parlamentaria en que hai no hemicio máis taquígrafos que deputados, pero enmendado, correxido e aumentado despois nas páxinas do diario de sesións pra darlle aos seus electores o camelo de estadista.

Ao lado distes tres exemplares ex-diputados, figuran na mesma candidatura de maiorías algúns nomes máis que rematan de acreditá-la. Ollense casos. Alí está o gran estadista de Cesures D. Vicente Sierra, incubadora magnífica dos apuntes da Editorial Reus que o mesmo día 12 de abril publicaba

## IMPRESIÓNS

### A REALIDADE POLÍTICA

En Cataluña i en Basconia triunfante primeiro o sentimento autonomista nun xeito plebiscitario, amóstrase agora vivinte e sintonizador coa vitoria rotunda e definitiva dos candidatos nacionalistas presentados á loita electoral. En Galicia, aparentemente, tomaron novo incremento de vitalidade as vellas oligarquias, medrándose os perseiros do réxime que fracasou apurando a colilla do centralismo. Nistas eleccións deron patente de vida os mesmos culpables de todo os desastres da monarquía, os que fomentaron e ampararon a impunidad de cacicazgos, monopolios i empresas, que abogadas por eles mesmos, fixéronlles poñerse ao marxe do interés público. En Galicia puido parecer aos incautos que non trunfara o nacionalismo porque non tiña sacado ningún diputado.

\* \* \*

De feito o sentimento nacionalista que nós sementamos por todo-os carreiros da nosa Terra, prendeu con fortes raíces pra dar un próximo e abondoso froito; i é seguro que mui axiña, cando coidemos chegada a hora de tallar as amarras pol-as que as ratas da miserable decadencia, queren invadir o navio das nosas liberdades e dos nosos dereitos, o pobo galego posto en pé, respaldará a nosa aitude de trocar á fouce interrogante nunha afirmación categórica, e ao aital servilismo oprobioso e negativo na rebeldía que nos ceibe das pautas dereitices impostas pol-o rutinarismo fallo de sustantividades ideolóxicas.

\* \* \*

A realidade política que nos impuxo, denantes, un programa democrático e moderno, que xa coñecen todas as xentes do noso país; programa espallador de solucións, únicas e axeitadas, pra os problemas galegos. A realidade política, que nos impuxo unha aproximación cos partidos políticos afís, pra teimar salvar a Galicia do senso caótico, que en grandes dosis lle inxeriu o réxime centralista; dictanos hoxe unha terapéutica nova, que nos fai borrar a verba fracaso do noso diccionario, e nos impulsa a apelarmos a todo para que xurda a liberdade colectiva de Galicia.

\* \* \*

Nistas eleccións, cecais, a nosa Terra, desempeñou o papel de rebaño que siguen dirixindo as mesmas mesnadas políticas de sempre, pero é indudable que un gran contingente de sufraxios, emitidos consentemente e ceibe de toda inxerencia opresora, sinalou un voto de adhesión pra nosa causa. Elo é ben sintomático. Elo é ben confortador. Elo vennos a decir que non está lonxano o día en que as masas labregas e mariñeiras de Galicia acollan as nosas ideas, pra facer delas arma de rebeldía contra dos que as manteñen nunha afrentosa condición de enucos, e de escravitude económica i espiritual.

\* \* \*

Eu penso que a situación do momento imponnos unha aitude rebelde pra que chegue e calle no pobo. I é á mocidade a quen me dirixo co pensamento, pra sentar as miñas afirmacións. Rebeldes contra a inxusticia do estatuido. Rebeldes contra do atropello, contra do aldaxe, contra do abuso. Rebeldes contra dos métodos de todas as banderías políticas que teiman cercenar a divisa invulnerable dos nosos principios de liberdade.

E hora de comezar unha nova roita, que signifique por si mesma unha noble arela, un outo desexo de liberación.

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

## No Paraninfo da Universidade

### Asamblea de representacións pra fixar a data Plebiscitaria do Estatuto

O domingo, día 26 do corrente mes de nadal, tivo lugar no Paraninfo da Universidade de compostelán unha asamblea de representacións oficiais e partidos políticos pra decidir a data en que se tén de plebiscitar o Estatuto aprobado en Asamblea de Concellos.

Logo de aberto o aito pol-o Sr. Tafall, presidente do Comité Central, dando conta do motivo e causas da reunión, asin como da laboura desenrolada pol-o Comité que presidía, entrouse na entrana da discusión. Interviron o Sr. Poza Juncal por Acción Republicana, Carnero Valenzuela pol-o Partido Federal, Insua pol-o Republicano Galego e Bóveda pol-o Galeguista. Despois dun debate mui movido, interrompido varias veces pol-o público que seguiu con gran interés o desenrolo do mesmo, e de duas intervencións do entusasta e incanso segredario do Comité Sr. Rajoy; acordouse facer unha derradeira invitación aos Partidos Radical e de Dereitas, pra que desen unha conteste definitiva, asistindo á xuntanza que continuará o próximo domingo no mesmo local do Paraninfo da Universidade compostelán, e alí fixar a súa aitude con respecto á plebiscitación do Estatuto; pra que Galicia enteira seipa de quenes están con ela ou contra dela, e as razóns que moven ista derradeira aitude.

Ao comenzo e ao final do aito, foi executado pol-a banda municipal, o himno galego que corearon en pé e descubertos todo-os asistentes.

Denantes ás once da mañán o Sr. Rajoy, cuas intervencións na Asamblea eran afogadas pol-os aprausos do público e dos Asambleístas, deu ante o micrófono de Unión Radio, unha documentada e sentida conferencia, chamando a todo-os galegos ao cumprimento do deber, i escitando o sentimento da cidadanía pra salvar a Galicia do aital estado de preterición en que se atopa.

Como nota simpática do aito, temos de resaltar a asistencia de gran cantidade de labregos e representacións de Sociedades agrarias coas súas bandeiras.

NÓS, Publicacións Galegas e Imp. Rúa do Vilar, 15, Santiago

**Mercade LIBROS GALEGOS**  
Pedidos a NÓS. - Rúa do Vilar, 15. - Santiago

## Academia Xelmírez

### Colexio Residencia

PRIMEIRO IN INO :: BACHILLERATO :: MAXISTERIO :: COMERCIO  
CURSIÑOS :: REINGRESO NO GRADO PROFESIONAL

CONGA, 9 E XELMÍREZ, 11 :: TELÉFONO 1236 :: APARTADO DE CORREOS, 20  
SANT-IAGO DE COMPOSTELA

Fundador e Director Propietario: D. Xosé Teixeira Rodríguez

### PROFESORADO

- D. Antón Fraguas e Fraguas, Director técnico, Licenciado en Filosofía e Letras, Profesor da Universidade.
- D. Emilio González Vila, Coengo Leitoral da Metropolitana de Sant-Iago, Dr. en Teoloxía, Licenciado en S. Escritura diante a Comisión Pontificia DE RE BIBLICA, Becario por oposición na Universidade de Salamanca, PENSIÓADO pr'ampliación de estudos no Extranxeiro pol-a Xunta de Colexios Universitarios da mesma, ex alumno da Universidade Gregoriana e do Instituto Bíblico de Roma, ex cedeirático de Literatura hespañola e de Hermenéutica, CADEIRÁTICO de Crítica i Exégesis e de Griego i Hebreo na Universidade Pontificia de Sant-Iago.
- D. Xosé Fernández Rofast, Abogado e Profesor Mercantil.
- D. Salvador Parga Pondal, Licenciado en Filosofía e Letras, Profesor da Universidade, Mestre de 1.º insiño.
- D. Ramiro Aramburo Abad, Licenciado en Filosofía e Letras, Director da Escola Normal de Sant-Iago.
- D. Enrique López Niño, Licenciado en Ciencias, Licenciado en Farmacia, Profesor axudante da Universidade e do Instituto Nacional.
- D. Ricardo de Sádaba Sanfutos, Licenciado en Ciencias, Licenciado en Farmacia, Profesor da Universidade.
- D. Arturo R. Suárez Villafraña, Licenciado en Ciencias Esaitas, Profesor axudante do Instituto.
- D. Ramón Villarino Ulloa, Doutor en Medicina, Profesor da Universidade.
- D. Xosé Comellas Ruiz, Abogado.
- D. Tiberio Vaspalo Murias, Profesor da Escola Normal de Sant-Iago.
- Srta. Matilde de la Torre Navarro, Mestra de Primeiro insiño, Profesora da Escola Normal.
- Srta. María del Carmen de Andrés Blanco, Mestra de Primeiro insiño.
- D. Manuel Uzal Echegaray, Mestre de Primeiro insiño, Tenor da Metropolitana, Profesor de Música.
- D. Manuel Córdido Fanego, Mestre Nacional por oposición.
- D. Manuel de Andrés Pérez, Profesor de Dibujo e Caligrafía.
- D. Enrique García Mirás, Profesor Mercantil, Profesor da Sociedade Económica.
- D. Santiago Mini Mani, Bachiller en Idiomas modernos, Profesor axudante do Instituto.
- D. Pedro Fernández Carballo, Capitán de Infantería, retirado, Profesor titulado de Ximnasia.
- D. Luis Barreiro Paradela, Mestre Nacional por oposición.

Alumnos internos, mediopensionistas i-externos  
Enseñanza oficial, libre e colexiada

VEXA O NOSO COLEXIO :: PIDA REGLAMENTOS